

As mulleres acadaron os premios do concurso de contos de «O Facho»

A Coruña (Redacción). As mulleres acadaron, salvo un, tódolos premios do concurso de contos infantís «O Facho» na súa XX edición, que acababan de ser fallados na Coruña, patrocinados pola Caixa de Aforros de Galicia. O xurado composto por Xesús Pison, Alexandre Ripoll, Xavier Meilán e María Dolores Casteleiro (esta última nas funcións de secretaria), decidiu premiar os seguintes traballos:

Na modalidade de contos para nenos, o primeiro premio, dotado con 25.000 pesetas, foille otorgado ó conto «O pirata Malaquíás», orixinal de María García Yáñez, do Porriño. O segundo, cunha dotación de 15.000 pesetas, a «O lápiz que quería ser pequeniño», de Mercedes Rega-

dio López, de Vigo. O terceiro foi declarado deserto.

Na modalidade de contos de nenos (de dez a quince anos), o primeiro premio, consistente nun lote de libros e casetes, foille concedido a Paula Carballeira Cabana, de Fene, polo conto «O meigo». O segundo foi para Anxélica Ayala Oca, de Cee. E o terceiro para Xavier Riotorto Suárez, de Arteixo, por «Formigas». Otorgóuselle un accésit ó conto «O pequeno planeta», de Natalia Camprubí Estebo, da Coruña. Na modalidade de contos de nenos de menos de dez anos, o primeiro premio foi para «O home dos globos», de María Canosa Blanco, de Cee. A esta nena tamén lle foi concedido o segundo premio por «Conversa co libro».